

DECRETO NÚMERO: 12001080

**Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde
Presidente do Excmo. Concello de Lugo.
Lugo, dezasete de febreiro de dous mil doce.**

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 2.04.2008, aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 90 de data 19.04.2008.

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 8.02.2012, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, incluída na referida Oferta de Emprego.

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local, do 27 de xuño do 2011, en relación cos Decretos nºs. 60/2011 e 70/2011 do Libro de Resolucións da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística, do 23 de xuño e 18 de xullo, respectivamente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a **unha praza de Arquitecto/a**, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 de 9.07.2008 (modificadas polo citado órgano en sesión do 18 de febreiro de 2009, modificación que foi publicada no BOP número 051, do 4 de marzo de 2009) e polas bases específicas aprobadas por dito órgano na sesión do 8.02.2012, que seguidamente se transcriben:

“Bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de arquitecto/a pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre:

1º.- **OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas ‘BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE’, aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesión do 18 de febreiro de 2009.

PERSOAL

MLP/egp

Refº: 12drconvocatoria1Arquitecto.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Arquitecto - q.1

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ó/a aspirante nomeado/a, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: Arquitecto/a
- b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A1)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: superior

3º.- SISTEMA SELECTIVO. O sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de arquitecto superior.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 19,50 €, de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe da taxa por dereitos de exame poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

6º.- PROCESO SELECTIVO

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza a que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 12drconvocatoria1Arquitecto.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Arquitecto - q.1

PRIMEIRO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito, nun tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 18 temas, e figuran na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou, un de cada unha das partes en que se divide o temario de materias específicas. A duración máxima para este exercicio será de catro horas.

TERCEIRO EXERCICIO. Práctico que constará de dúas fases: a primeira fase consistirá en realizar dous supostos prácticos, durante un período máximo de catro horas. A segunda fase consistirá en realizar outros dous supostos prácticos, durante un período máximo de catro horas. Os ditos supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo dos exercicios correspondentes e estarán relacionados cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ó disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

PRIMEIRA PARTE

Tema 1.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación: disposicións xerais; esixencias técnicas e administrativas da edificación.

Tema 2.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación: axentes da edificación. Responsabilidades e garantías.

Tema 3.- Normativa sobre condicións mínimas de habitabilidade das vivendas. Condicións de habitabilidade. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 4.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: no Estado na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello. Condicións de seguridade de

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 12drconvocatoria1Arquitecto.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Arquitecto - q.1

uso e accesibilidade nos edificios. Real decreto 173/2010, do 19 de febreiro, que modifica o CTE, aprobado por R.d. 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade (DB SUA). Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas. Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei. Aplicación no concello de Lugo para a edificación.

Tema 5.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: no Estado na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello. Condicións de seguridade de uso e accesibilidade nos edificios. Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas. Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei. Aplicación no concello de Lugo para as urbanizacións.

Tema 6.- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Tema 7.- Normativa sobre protección ambiental en Galicia. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e normativa que a desenvolve.

Tema 8.- Licenzas de actividade. Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental: protección, licenzas de actividade e disciplina. Decreto 442/1992, da avaliación do impacto ambiental de Galicia, e Decreto 327/1991, do 4 de outubro, da avaliación de efectos ambientais para Galicia.

Tema 9.- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade: plans de ordenación dos recursos naturais; protección de espazos; espazos protexidos Rede Natura 2000.

Tema 10.- Protección contra incendios nos edificios. R. d. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación: DB-SI (seguridade en caso de incendio). R. d. 2267/04, do 3 de decembro, Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 11 .- Condicións acústicas nos edificios. Real decreto 1675/2008, do 17 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1371/07, polo que se aproba o Documento básico DB-HR (Protección fronte ó ruído) do Código técnico da edificación. Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica. Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica. Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 12.- Condicións de hixiene, saúde e protección do medio ambiente nos edificios. DB-HS (Salubridade) e DB-HE (aforro de enerxía) do Código técnico da edificación. Certificación de eficiencia enerxética. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 13.- Seguridade estrutural nos edificios. DB-SE de Código técnico da edificación.

Tema 14.- Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia: proceso de edificación. A vivenda protexida. Incidencia no planeamento municipal.

Tema 15.- Lesións e danos nos edificios. Análise e diagnóstico. As medidas de impulso á rehabilitación, a obrigatoriedade da inspección técnica de edificios. As

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 12drconvocatoria1Arquitecto.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Arquitecto - q.1

ordes de execución. Aplicación no concello de Lugo. Ordenanza municipal sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións.

Tema 16.- O Código técnico da edificación, obxecto, ámbito de aplicación e estrutura del.

Tema 17.- Lei de contratos do sector público. Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: disposicións xerais; contratos do sector público.

Tema 18.- Lei de contratos do sector público. Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: contrato de obras. Normas xerais.

Tema 19.- Lei de contratos do sector público. Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: modificación dos contratos. Execución do contrato de obras e extinción dos contratos de obras.

Tema 20.- Lei de contratos do sector público. Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

Tema 21.- Lei de contratos do sector público. Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: proxecto de obras e trazado de planta. Anteprojectos, proxectos e expedientes de contratación. Disposicións sobre revisión de prezos.

Tema 22.- Lei de contratos do sector público. Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: normas especiais para contratos de obras.

Tema 23.- Lei de contratos do sector público. Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: adxudicación dos contratos

SEGUNDA PARTE

Tema 24.- Seguridade e saúde da aplicación ás obras de construción. R. d. 1627/97.

Tema 25.- Residuos na construción e demolición. Real decreto 105/2008. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 26.- Instalacións comúns nos edificios

Tema 27.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI). Disposicións xerais. Desenrolo, execución e xestión do plan especial.

Tema 28.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI). Condicións de protección do patrimonio histórico e ambiental.

Tema 29.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI). Tipificación das actuacións de edificación

Tema 30.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI). Regulación do patrimonio arquitectónico.

PERSOAL

MLP/egp

Refº: 12drconvocatoria1Arquitecto.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Arquitecto - q.1

Tema 31.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI). Normas xerais da edificación. As licenzas municipais.

Tema 32.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI). Normas particulares de zona.

Tema 33.- Os proxectos sectoriais. Lei 10/1995, do 23 de novembro. Decreto 80/2000, do 23 de marzo. O parque empresarial das Gándaras. Directrices de ordenación do territorio.

Tema 34.- Lexislación sectorial aplicable ó concello de Lugo en materia do patrimonio cultural.

Tema 35.- Lexislación sectorial aplicable ó Concello de Lugo en materia de estradas, ferrocarrís, augas e infraestruturas. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 36.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: disposicións xerais; conceptos e criterios xerais para a realización das valoracións.

Tema 37.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: valoración en situación de solo rural.

Tema 38.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: valoración en situación de solo urbanizado.

Tema 39.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: das indemnizacións e gastos de urbanización.

TERCEIRA PARTE

Tema 40.- Lexislación estatal de solo: principios. As condicións básicas da igualdade nos dereitos e deberes constitucionais da cidadanía.

Tema 41.- Lexislación estatal de solo: bases do réxime do solo.

Tema 42.- Lexislación estatal de solo: réxime de valoracións de solo. Normativa que o desenvolve.

Tema 43.- Lexislación estatal de solo: expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial.

Tema 44.- A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e Lei 15/2010, do 28 de decembro: obxectivos e principios xerais.

Tema 45.- Réxime xurídico do solo urbano.

Tema 46.- Réxime xurídico do solo urbanizable.

Tema 47.- Réxime xurídico do solo rústico.

Tema 48.- Réxime xurídico do solo de núcleo rural.

Tema 49.- Procedemento de elaboración e aprobación do planeamento urbanístico. Revisión e modificación. A vixencia e reforma dos plans urbanísticos. Suspensión do planeamento. Ordenación urbanística común a varios concellos. Aplicación no concello de Lugo.

Tema 50.- Os instrumentos de ordenación urbanística: clases e obxectivos. Disposicións xerais sobre o planeamento: sustentabilidade e calidade.

Tema 51.- O Plan xeral de ordenación municipal: obxecto, determinacións e documentación. Os plans parciais e especiais. Outros instrumentos. Aplicación no concello de Lugo.

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 12drconvocatoria1Arquitecto.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Arquitecto - q.1

Tema 52.- Os proxectos de urbanización e os catálogos: concepto, obxecto e fins; determinación e límites.

Tema 53.- Planeamento de desenvolvemento no concello de Lugo. Solo urbano.

Tema 54.- Planeamento de desenvolvemento no concello de Lugo. Solo urbanizable.

Tema 55.- Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística.

Tema 56.- Convenios urbanísticos.

Tema 57.- Execución dos plans de ordenación. Distribución de cargas e beneficios. Áreas de repartición. O aproveitamento tipo. Polígonos de execución e outros instrumentos da xestión urbanística. Instrumentos para a distribución de cargas e beneficios. Patrimonios públicos do solo.

Tema 58.- Sistemas de actuación.

Tema 59.- Intervención na edificación e uso do solo. As licenzas urbanísticas. Incumprimento dos prazos de edificación. Modificacións, supostos de incumprimento e caducidade das licenzas. Rexistro de soares. Réxime de edificación forzosa. A suspensión de licenzas na tramitación do planeamento: clases, efectos, prazos.

Tema 60.- O deber de conservación e a declaración de ruína. Clases e procedemento para a súa declaración. Parcelamentos urbanísticos no solo urbano consolidado, indivisibilidade. Réxime dos parcelamentos. Edificios fóra de ordenación. Ordenanza municipal sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións.

Tema 61.- Disciplina urbanística. A protección da legalidade urbanística: obras sen licenza en curso de execución, obras rematadas sen licenza. Suspensión de licenzas, revisión das licenzas e orde de execución. Infraccións e sancións. O Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, regulamento de disciplina urbanística para a Lei do solo de Galicia.

Tema 62.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, pola Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Normas xerais de edificación.

Tema 63.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, pola Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Condicións de usos. Desenvolvemento, xestión e execución do plan.

Tema 64.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Réxime dos usos.

Tema 65.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Normas xerais de urbanización.

Tema 66.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Normas xerais de protección.

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 12drconvocatoria1Arquitecto.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza de Arquitecto - q.1

Tema 67.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Protección do patrimonio cultural.

Tema 68.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Zonas de ordenanza.

Tema 69.- Revisión do Plan xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Réxime do solo urbanizable.

Tema 70.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Licenzas, autorizacións e ordes de execución. Incidencia do planeamento sobre as situacións preexistentes.

Tema 71.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Antecedentes. Criterios e obxectivos. Memoria.

Tema 72.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Réxime do solo urbano.

Tema 73.- Revisión do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Lugo aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Réxime do solo rústico.”

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.